CONCELLO DE PONTEVEDRA
Nº 2017000091
DATA 27/04/2016
REXISTRO DO PLENO (ENTRADA)

MAREA PONTEVEDRA

# GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NUÑEZ, portavoz do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta a seguinte PROPOSICIÓN, solicitando que o Pleno do Concello de Pontevedra **APOIE OS CAMBIOS LEXISLATIVOS NECESARIOS PARA DARLLE SOLUCIÓN Á EMERXENCIA HABITACIONAL, SEGUNDO AS PROPOSTAS FORMULADAS POLA PLATAFORMA DE AFECTADOS POLA HIPOTECA (PAH).**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son ben coñecidas as penurias en que sumiu a milleiros e milleiros de familias a perda das súas vivendas, como consecuencia de desafiuzamentos amparados pola Lei Hipotecaria española, unha norma reiteradamente criticada desde Europa polas súas cláusulas abusivas.

É coñecido, tamén, o sufrimento de moitos milleiros de persoas obrigadas a malvivir en lugares indignos, pola grave carencia de vivendas de aluguer social, ou en situación de pobreza enerxética, padecendo cortes de subministracións básicas.

Ante esta realidade intolerable, diversas organizacións, e singularmente a Plataforma de Afectados pola Hipoteca (PAH), promoven unha campaña que ten como finalidade lograr a aplicación efectiva do artigo 47 da Constitución (que establece "o dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada"), a través das modificacións lexislativas que o garantan. Esa campaña articúlase arredor de cinco eixes:

**1º A dación en pago retroactiva.**

Concretada en mecanismos de segunda oportunidade (a través da dación en pago e a condonación da débeda), na declaración de inembargabilidade da vivenda habitual (para os avalistas), e na eliminación das cláusulas bancarias abusivas (canda as compensacións económicas que estas establecen).

**2º O establecemento dun sistema de aluguer alcanzable.**

Concretado nunha reforma da Lei de Arrendamentos Urbanos que dea seguridade e estabilidade, en fórmulas para que os contratos só se poidan rescindir en casos concretos de urxencia, e mais nun marco de regulación dos prezos axeitado aos ingresos da poboación.

**3º A paralización dos desafiuzamentos.**

Concretado nunha moratoria sobre desafiuzamentos de primeira e única vivenda, na obriga dos bancos e dos grandes propietarios de ofrecer aluguer social ás familias afectadas, en axudas para pagar o aluguer cando o arrendador é un pequeno propietario, e na obriga da administración pública de ofrecer realoxos no mesmo concello garantindo o arraigo.

**4º A ampliación do parque de vivenda social.**

Concretada na mobilización de vivenda baleira mediante a cesión obrigatoria, no incremento do parque público de vivenda, e en alugueiros sociais non superiores ao 30 por cento dos ingresos da unidade familiar.

**5º A garantía das subministracións básicas.**

Concretada no principio de precaución (garantía de non cortar as subministracións de auga, luz e gas sen antes informar os afectados), nunha tarifa social (co pagamento en función da capacidade adquisitiva) e na non asunción das débedas con recursos públicos (obrigando a que sexan as subministradoras as que asuman o custo das familias que non poidan pagar).

Por todo isto, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra presenta a seguinte

PROPOSICIÓN

**1º Apoiar as cinco demandas impulsadas pola PAH para facerlle fronte á emerxencia habitacional.**

**2º Instar o Goberno e os grupos parlamentarios do Congreso a introducir no marco normativo, por medio dunha futura Lei Reguladora do Dereito á Vivenda, as propostas formuladas pola PAH.**

**3º Declarar o Concello de Pontevedra "libre de desafiuzamentos", garantindo que a Policía Local non participará en ningún lanzamento dentro do seu termo municipal.**

Pontevedra, 27 de abril de 2017

O portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

Luís Rei Núñez